

CUESTIONARIO TIPO TEST DE 50 PREGUNTAS

NOME E APELIDOS:

D.N.I.

1.- Indique cal é o carácter normativo dunha ordenanza municipal:

- a) Lexislativo
- b) Regulamentario**
- c) Constitucional
- d) Non ten carácter normativo

2.- Cal dos seguintes órganos ten potestade para dictar actos que poñen fin á vía administrativa a nivel municipal:

- a) O Pleno
- b) O Alcalde
- c) As dúas anteriores son correctas**
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

3.- Os bens das entidades locais clasifícanse en:

- a) Bens demaniais e patrimoniais**
- b) Bens de servizo público e de uso público
- c) Bens de propios e de alleos
- d) Bens de dominio público e privados

4.- Que artigo da Lei 39/2016 regula os rexistros:

- a) O artigo 31
- b) Ningún
- c) O artigo 38
- d) O artigo 16**

5.- A Lei 39/2015 establece a obriga de motivar os actos administrativos nos seguintes casos:

- a) Cando limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos**
- b) Sempre
- c) Cando os dicte o alcalde
- d) En ningún caso

6.- ¿En que prazo deben emitirse os informes en fase de instrucción dun procedemento administrativo?

- a) Dez días hábiles
- b) Dez días hábiles ou cinco en caso de tramitación urgente**
- c) Dez días naturais
- d) Quince días

7.- Como regra xeral, os acordos municipais adoptáanse por:

- a) Unanimidade
- b) Maioría simple**
- c) Maioría de dous terzos
- d) Maioría absoluta

8.- O documento no que se recolle o acontecido nas sesións dos órganos colexiados municipais denomínase:

- a) Edicto
- b) Acta**
- c) Resolución
- d) Providencia

- 9.- ¿A que órgano municipal lle corresponde a competencia para a aprobación inicial dunha ordenanza fiscal?**
- a) Ao Pleno
 - b) Ao Alcalde
 - c) Ás comisións informativas
 - d) Ningunha das anteriores é correcta
- 10.- Que recursos en vía administrativa caben contra un decreto do alcalde que pon fin á vía administrativa e en que prazo debe interpoñerse:**
- a) Recurso potestativo de reposición no prazo dun mes
 - b) Recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses
 - c) Recurso potestativo de reposición no prazo de dous meses
 - d) Recurso de revisión no prazo dun mes
- 11.- ¿Que artigo da Lei 7/1985 regula as materias nas que os municipios exercerán competencias nos termos da lexislación estatal e autonómica?**
- a) O artigo 1
 - b) O artigo 25
 - c) O artigo 26
 - d) O artigo 28
- 12.- ¿Que lei básica estatal regula os dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais?**
- a) O Real Decreto Lexislativo 5/2015
 - b) A Lei 30/1984
 - c) A Lei 7/1985
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
- 13.- ¿Cando se inicia a execución dun contrato de obras?**
- a) Cando se formaliza o contrato administrativo
 - b) Cando o ordena a dirección de obra
 - c) Cando se asina a acta de inicio de obras
 - d) Cando se aproba o Plan de Seguridade e Saúde
- 14.- Un contrato de obras cun orzamento de execución de 50.000 euros, IVE excluído, pode licitarse... (marque a resposta correcta)**
- a) Por contrato menor
 - b) Por procedemento aberto simplificado
 - c) Polo procedemento aberto simplificado sumario, consonte ao art. 159.6 da LSCP
 - d) As dúas anteriores son correctas
- 15.- Consonte ao artigo 235 da LCSP, procede a supervisión do proxecto de obras (marque a resposta correcta):**
- a) Sempre que afecten á seguridade, estanqueidade ou seguridade da obra.
 - b) Sempre que o orzamento base de licitación exceda de 100.000 euros.
 - c) Sempre é facultativo.
 - d) Nunca procede.
- 16.- Cando deben expedirse as certificacións de obra?**
- a) Cando estean totalmente executadas.
 - b) Mensualmente, dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao que correspondan.
 - c) Cando o considere oportuno a dirección de obra.
 - d) Trimestralmente.
- 17.- Cal é o órgano municipal competente para outorgar licenzas urbanísticas?**
- a) o Pleno.
 - b) o Alcalde, que pode delegar na Xunta de Goberno Local.
 - c) é competencia exclusiva e indelegable do Alcalde.
 - d) a Comisión de Urbanismo e Obras.
- 18.- Cal é o órgano municipal competente para aprobar a plantilla e a oferta de emprego público?**
- a) o Pleno do Concello.
 - b) o Alcalde-Presidente.
 - c) a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno.

d) o Pleno e o Alcalde, respectivamente.

19.- A aprobación inicial do planeamento xeral dun municipio é competencia:

- a) da Xunta de Galicia.
- b) da Xunta de Goberno Local.
- c) do Pleno do Concello.
- d) do Alcalde.

20.- Cales das seguintes causas poden dar lugar á resolución dun contrato de obras?

- a) A suspensión das obras por prazo superior a tres meses por parte da administración.
- b) A demora inxustificada na comprobación do replanteo.
- c) A suspensión do inicio das obras por prazo superior a tres meses.
- d) ningunha das anteriores é correcta.

21.- ¿Cales son os medios de execución forzosa dos actos administrativos?

- a) a execución subsidiaria.
- b) a execución subsidiaria e as multas coercitivas.
- c) os contemplados no artigo 100.1 da Lei 39/2015.
- d) ningunha das anteriores é correcta.

22.- Quen dos seguintes está obrigado a relacionarse electronicamente coas administracións públicas?

- a) As persoas físicas.
- b) Quen exerza unha actividade profesional que requira colexiación obrigatoria, no exercicio da súa actividade profesional.
- c) Os empregados públicos en calquera caso.
- d) ningunha das anteriores é correcta.

23.- A quen corresponde a competencia para a aprobación do orzamento municipal?

- a) Ao alcalde.
- b) Ao Pleno, e en determinados supostos á Xunta de Goberno Local.
- c) Ao interventor.
- d) Ao Pleno en tódolos casos.

24.- Qué tributo grava a actividade administrativa tendente á concesión dunha licenza urbanística?

- a) Un canon urbanístico.
- b) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- c) Unha taxa.
- d) Un prezo público.

25.- Que órgano municipal é competente para conceder a compatibilidade a un funcionario?

- a) O alcalde
- b) Quen exerza a xefatura de persoal
- c) O Pleno
- d) O alcalde, quen pode delegar no Pleno

26.- Que natureza xurídica ten a APLU?

- a) organismo autónomo
- b) consorcio
- c) entidade pública empresarial
- d) ningunha das respostas é correcta

27.- Consonte ao artigo 24.5 da LSG, para edificar nos núcleos rurais deberá dispoñerse de:

- a) acceso rodado de titularidade pública
- b) acceso rodado
- c) acceso rodado de uso público
- d) parcela mínima

28.- As condicións xerais das edificacións en solo rústico regúlanse:

- a) no artigo 39 da LSG
- b) no artigo 39 da LSG e 59 do RLSG
- c) no artigo 39 da LSG e 49 do RLSG
- d) no artigo 39 da LSG e 69 do RLSG

29.- Quen aproba definitivamente o Plan Básico Autonómico?

- a) A Comisión Superior de Urbanismo
- b) O Consello da Xunta
- c) A consellería competente en materia de urbanismo
- d) A FEGAMP

30.- Cal é o prazo para a execución de obras amparadas nunha comunicación previa?

- a) Os que se indiquen no acordo de concesión
- b) Os que sinale o promotor na comunicación previa, sen que o prazo de inicio poda exceder de tres meses e o de fin de un ano
- c) Os que se regulen na ordenanza municipal respectiva
- d) Ningunha é correcta

31.- O artigo 12 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, indica as categorías de bens que deben contar cun contorno de protección. Estas categorías son:

- a) Os monumentos, os xardíns históricos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens.
- b) Os monumentos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens.
- c) Os monumentos, os xardíns históricos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección.
- d) Os monumentos, os xardíns históricos, as zonas arqueolóxicas, os conxuntos históricos e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens.

32.- Segundo o disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no referente ás actuacións autorizables segundo os niveis de protección:

- a) As actuacións autorizables nos bens obxecto de protección son unicamente aquelas incluídas no nivel de protección no que se atope o ben.
- b) As actuacións autorizables nos bens obxecto de protección son unicamente aquelas descritas na orde de inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou no catálogo de planeamento urbanístico.
- c) As de reestruturación puntual ou parcial, nun ben con protección integral, poderán autorizarse se a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais..
- d) En cada nivel de protección poderá ser autorizado excepcionalmente outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa conveniencia en prol dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio Cultural de Galicia.

33.- Segundo o establecido polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que foi aprobado o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana, todos os cidadáns teñen dereito a acceder á información da que dispoñen as Administracións Públicas sobre:

- a) A ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como a obter copia ou certificación da disposición ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora.
- b) O réxime e as condicións urbanísticas aplicables a unha finca determinada, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora.
- c) A ordenación do territorio e a ordenación urbanística, e as condicións urbanísticas dunha finca determinada, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora.
- d) A ordenación do territorio e a ordenación urbanística, e as condicións urbanísticas dunha finca determinada, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora, acreditando a súa titularidade ou condición de interesado.

34.- Segundo o establecido polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que foi aprobado o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana, serán nulos de pleno dereito os actos administrativos de intervención que se diten con infracción da ordenación de:

- a) Zonas verdes, espazos libres ou equipamentos, previstos polo planeamento.
- b) Zonas verdes ou espazos libres previstos nos instrumentos de planeamento.
- c) Zonas verdes ou espazos libres previstos nos instrumentos de ordenación urbanística.
- d) Zonas verdes ou espazos libres previstos nos instrumentos de ordenación urbanística, sempre e cando as obras non estean rematadas.

35.- Segundo as definicións do Anexo I do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non se computará como aumento de volume:

- a) As actuacións de mellora da envolvente que se realicen para reducir a demanda enerxética en edificacións executadas ao abeiro da correspondente licenza no momento da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.
- b) Os peches dos paramentos frontais de terrazas e balcóns que xa estean cubertos e pechados por tres orientacións, que non se realicen con elementos opacos ou de fábrica.
- c) Os peches dos paramentos frontais de terrazas e balcóns que xa estean cubertos e pechados por dúas orientacións, que non se realicen con elementos opacos ou de fábrica.
- d) A instalación de toldos sobre o terreo, as terrazas ou en fachadas, cando se realice mediante estruturas lixeiras desmontables, con ou sen cerramentos laterais.

36.- O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala como actuacións prohibidas nos núcleos rurais:

- a) O derrubamento de muros tradicionais dos rúes ou corredeiras, agás disposición do planeamento que o autorice.
- b) As pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.
- c) A demolición de construcións que non presenten un especial valor etnográfico.
- d) Todos os parcelamentos.

37.- No Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, indícanse os requisitos que se deben acreditar para xustificar a necesidade da implantación dunha vivenda en solo clasificado como rústico, debido a súa vinculación cunha explotación agropecuaria. Sinala o requisito que non se require no artigo 52 do RLSG:

- a) Para autorizar unha vivenda vinculada a unha explotación agropecuaria, é necesario que a explotación sexa preexistente.
- b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida.
- c) Que exista unha íntima e imprescindible vinculación da edificación á explotación agrícola ou gandeira do solicitante.
- d) Deberá acreditarse o exercicio efectivo da actividade agropecuaria, cando menos, durante os cinco anos anteriores, agás no suposto de persoas mozas beneficiarias de axudas á incorporación á actividade agraria, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda.

38.- O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, indica que para as obras de adecuación funcional de edificio, non lles será de aplicación as NHV-2010 agás que:

- a) Se varíe a posición da escaleira
- b) Se varíen as dimensións e características dos patios que serven de iluminación e ventilación ás estancias das vivendas.
- c) Se instale un novo ascensor, se elimine un existente ou se modifique a súa posición no edificio.
- d) Todos as anteriores son correctas.

39.- Ao respecto da regulación do trámite de excepción, o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Sinala a resposta incorrecta:

- a) A NHV-2010 establece os aspectos da normativa de habitabilidade que poden ser exceptuados e determina os límites á dita excepción que, en ningún caso, poden ser superados.

- b) As determinacións da normativa de habitabilidade que non figuran expresamente recollidas como determinacións obxecto de excepción deberán ser cumpridas na súa integridade.
- c) Deberá ser o técnico municipal quen valore cales son as determinacións da norma, xustificadas pola singularidade do caso que dá pé á excepción, que poden ser eximidas de cumprimento, e cales non, procurando o maior cumprimento posible de determinacións e, naqueles aspectos en que se concede a excepción, tratando de que a solución se achegue o máis posible ás determinacións establecidas neste decreto como norma xeral.

d) A NHV-2010 establece os aspectos da normativa de habitabilidade que poden ser exceptuados e determina os límites á dita excepción e os casos nos que estes límites poden ser superados.

40.- Ao respecto do ámbito de aplicación do Código Técnico da Edificación (Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo):

a) Todo cambio de uso característico dun edificio existente debe cumprir coa esixencias básicas do CTE.

b) O CTE aplicaráselle a todas as obras de nova construción.

c) Para o caso das intervencións sobre edificacións existentes, cando a aplicación do Código Técnico da Edificación non sexa funcionalmente viable, poderase aplicar baixo o criterio e responsabilidade do proxectista.

d) Todas as respostas anteriores son falsas.

41.- O Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, sinala como alcance das súas determinacións:

a) As determinacións do Plan básico autonómico serán aplicables con carácter non vinculante nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal, ata que se doten del.

b) As determinacións do Plan básico autonómico serán aplicables con potestativo nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal, ata que se doten del.

c) O Plan básico autonómico terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

d) O Plan básico autonómico terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo pero si alterar as determinacións do planeamento que complementa.

42.- Indique a data de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xermade e réxime aplicable segundo as Disposicións Transitorias da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

a) 29 de abril de 2003. O réxime transitorio aplicable será o establecido na Disposición Transitoria primeira da LSG para o planeamento non adaptado á Lei 9/2002.

b) 29 de abril de 2002. O réxime transitorio aplicable será o establecido na Disposición Transitoria primeira da LSG para o planeamento adaptado á Lei 9/2002.

c) 29 de abril de 2004. O réxime transitorio aplicable será o establecido na Disposición Transitoria primeira da LSG para o planeamento adaptado á Lei 9/2002.

d) 29 de abril de 2003. O réxime transitorio aplicable será o establecido na Disposición Transitoria primeira da LSG para o planeamento adaptado á Lei 9/2002.

43.- Segundo o disposto na Disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, referente ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes :

a) As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, que contasen cunha actividade implantada legalmente no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

b) Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación, reforma, e ampliación, sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 da Lei 2/2016.

c) As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos

agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

d) Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, pero non de ampliación, sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 da Lei 2/2016.

44.- Segundo o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia non lle corresponde a competencia para a protección da legalidade urbanística á Axencia de Protección da Legalidade para o caso de:

a) Obras e usos prohibidos en solo rústico.

b) Aos actos de edificación e uso do solo que se realicen sen o título habilitante exigible sobre terreos cualificados polo planeamento urbanístico como zonas verdes, espazos libres públicos e viarios.

c) Aos actos de edificación e uso do solo que se realicen sen o título habilitante exigible na zona de protección das vías de circulación establecida no artigo 92.1 da LSG.

d) Aos actos de edificación que se realicen incumprindo as condicións sinaladas no título habilitante, sobre terreos clasificados como solo rústico.

45.- Segundo o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para a ampliación dun cemiterio en solo rústico:

a) A superficie mínima da parcela será de 2.000 metros cadrados, podendo ocupar a totalidade dela.

b) A superficie mínima da parcela será de 2.000 metros cadrados, podendo ocupar o 60% da parcela.

c) Non se establece superficie mínima de parcela, podendo ocupar a totalidade da parcela.

d) A superficie mínima da parcela será de 2.000 metros cadrados, podendo ocupar o 20% da parcela.

46.- En que prazo debe resolverse un expediente de responsabilidade patrimonial?:

a) Tres meses.

b) Un ano.

c) Seis meses.

d) ningunha das anteriores é correcta.

47.- Cales son os prazos mínimo e máximo no trámite de audiencia, consonte ao artigo 82 da Lei 39/2015?:

a) Dez días e un mes.

b) Dez e quince días.

c) Non se establecen mínimo e máximo.

d) ningunha das anteriores é correcta.

48.- A qué situación administrativa pasa unha funcionaria que sexa nomeada Subdelegada do Goberno?

a) Servizo activo.

b) Servizos especiais.

c) Excedencia voluntaria.

d) Excedencia forzosa.

49.- Indique cal dos seguintes impostos se liquida ao conceder unha licenza de obras:

a) O IBI.

b) O IAE.

c) O ICIO.

d) Todas son correctas.

50.- Cal é o procedemento previsto no Regulamento de Bens para averiguar o carácter público dun ben?

a) O expediente de recuperación de oficio.

b) A comisión de investigación.

c) O expediente de deslinde.

d) O expediente de investigación.

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Indique cando debe a administración resolver sobre a necesidade de ocupación de bens e adquisición de dereitos nun expediente de expropiación forzosa:

- a) **despois de declarar a utilidade pública e interese social**
- b) antes de declarar a utilidade pública e interese social
- c) despois de fixar o xustiprezo
- d) ningunha das anteriores é correcta

2.- Indique cal é a normativa vixente en Galicia no eido das subvencións:

- a) A lei autonómica 9/2007
- b) **A Lei 38/2003, a lei 9/2007 e os respectivos regulamentos de desenvolvemento**
- c) A lei 38/2003
- d) ningunha das anteriores é correcta

3.- Cal é o importe da indemnización reclamada que determina a esixencia de solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo autonómico nos procedementos de responsabilidade patrimonial:

- a) **50.000 euros**
- b) 40.000 euros
- c) 30.000 euros
- d) en todos os casos é preceptivo o ditame

4.- En que casos o acordo de iniciación dun expediente sancionador se debe comunicar ao denunciante?

- a) en todos os casos
- b) en ningún caso, por protección de datos
- c) **cando as normas reguladoras do procedemento así o determinen**
- d) cando non haxa datos protexidos que o impidan

5.- Que artigo da lei 39/2015 regula os supostos de nulidade dos actos administrativos:

- a) **o 47**
- b) o 48
- c) o 46
- d) o 49